

# PLAN DIXITAL

# 32011901 CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño

[Versión 1.0_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
   1.1. Datos básicos do centro [páxina 4]
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro [páxina 4]
   1.3. Breve xustificación do mesmo [páxina 10]
   1.4. Proceso de elaboración [páxina 10]

2. **Situación de partida**
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais [páxina 11]
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO [páxina 14]
   2.3. Análise DAFO [páxina 16]

3. **Plan de Acción**
   3.1. Obxectivos, indicadores e acción [páxina 17]
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas [páxina 19]
   3.3. Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción [páxina 21]

4. **Avaliación do PD**
   4.1. Seguimento do Plan de Acción e propostas de mellora (revisión) [páxina 31]

5. **Difusión do PD**
   [páxina 32]

# 1. Introdución

## 1.1. Datos básicos do centro

| | |
|---|---|
| Nomenclatura | Colexio de educación infantil e primaria plurilingüe Virxe do Camiño |
| Código de centro | 32011901 |
| Enderezo | Rúa Terra de Souto, s/n 32310. Rubiá (Ourense) |
| Correo electrónico | ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal |
| Páxina web | http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/ |

| Etapas educativas | | Infantil | Primaria | Total |
|---|---|---|---|---|
| Alumnado (matrícula) | (curso 2021/2022) | 9 | 38 | 47 |
| | (previsión curso 2022/2023) | 9 | 35 | 44 |
| Profesorado (adscrito) | | 1 | 6 | 7 |

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

**Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro**

O CEIP plurilingüe Virxe do Camiño está situado no municipio de Rubiá, no extremo oriental da provincia de Ourense, na comarca de Valdeorras e limítrofe coa provincia de León.

No concello, a viticultura tradicional e a colleita de castañas son dúas das principais actividades económicas, aínda que unha meirande parte da poboación tamén traballa na produción de lousa nas distintas canteiras dos concellos lindeiros. Preto do núcleo municipal establécense pequenas e medianas empresas que dan diferentes servizos (transporte, alimentación, comercio, madeira e outros pequenos obradoiros). Cabe destacar que Rubiá conta co Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, cun auxe do turismo de natureza e actividades de conservación dos espazos naturais, da súa fauna e da súa flora.

As vías de comunicación son terrestres, sendo atravesado pola arteria principal (N-120) que une a capital de provincia (Ourense) con Ponferrada (O Bierzo-León). Mentres a liña do ferrocarril pasa por unha das localidades do extremo sur do concello (Quereño).

A nivel cultural, o concello dispón dunha Casa da Cultura con biblioteca municipal, e oferta diferentes actividades ao longo do ano para a dinamización de actividades sociais e culturais. Tamén se rexistran varias asociaciacións de diferente índole.

En canto ás familias do alumnado do centro, o nivel socio-cultural é medio-baixo. Unha gran maioría conta con estudos básicos e profesións non especializadas ou oficios profesionais. É

palpable a fenda dixital, aínda que na actualidade podemos dicir que todos son poseedores de diferentes equipamentos (smartphone, táblets, ordenadores/portátiles), mais aínda así o nivel de coñecemento é de usuario básico.

**Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.**

O CEIP plurilingüe Virxe do Camiño está incluido no programa E-dixgal dende o curso académico 2018/2019 (ata a actualidade), no que o alumnado de quinto e sexto de primaria contan con libro dixital.

Tamén dende o curso académico 2018/2019 (ata a actualidade) impártese no horario lectivo unha sesión semanal de informática nos cursos de 4º e 5º de primaria, dentro do programa Digicraft Vodafone.

Na seguinte táboa relaciónanse todos programas de innovación educativa nos que participou o noso colexio ata o de agora:

| CURSOS | PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA |
|---|---|
| 2012/2013 | • Plan Proxecta: programa Xogade. |
| 2013/2014 | • Plan Proxecta: programas Aliménta-T ben; Sustentabilidade e paisaxe e Xogade. |
| 2014/2015 | • Plan Proxecta: programas Aliméntate ben e Móvete +.<br>• Seccións Bilingües. |
| 2015/2016 | • Plan Proxecta: programas Aliméntate ben e Móvete +.<br>• Seccións Bilingües. |
| 2016/2017 | • Plan Proxecta: programas Recíclate con SOGAMA; Aliméntate ben e PDC (proxecto deportivo de centro) CENTROS ACTIVOS E SAUDABLES.<br>• Seccións Bilingües.<br>• Contratos-Programa: programas de éxito educativo. |
| 2017/2018 | • Plan Proxecta: programas PDC (proxecto deportivo de centro) CENTROS ACTIVOS E SAUDABLES e Galicons-net. |

| | |
|---|---|
| | • Seccións Bilingües.<br>• Centros plurilingües. |
| 2018/2019 | • Plan Proxecta: programa Paisaxe e sustentabilidade.<br>• Seccións Bilingües.<br>• Centros plurilingües.<br>• E-dixgal.<br>• Contratos-Programa: programas de éxito educativo (PROA). |
| 2019/2020 | • Plan Proxecta: programa Voluntariado miúdo: móvete!<br>• Seccións Bilingües.<br>• Centros plurilingües e plurinfantil.<br>• E-dixgal.<br>• Contratos-Programa: programas de éxito educativo (PROA). |
| 2020/2021 | • Seccións Bilingües.<br>• Centros plurilingües e plurinfantil.<br>• E-dixgal.<br>• Contratos-Programa: programas de éxito educativo (PROA). |
| 2020/2021 | • Seccións Bilingües<br>• Centros plurilingües e plurinfantil.<br>• E-dixgal.<br>• Contratos-Programa: programas de éxito educativo (ARCO). |
| 2020/2021 | • Seccións Bilingües.<br>• Centros plurilingües e plurinfantil.<br>• E-dixgal. |

En canto ás liñas de formación docente, o centro presenta o seguinte histórico de formación con PFPP vinculados ao ámbito das novas tecnoloxías e que se citan a continuación:

| CURSOS | LIÑAS PFPP (HISTÓRICO DE FORMACIÓN NO CENTRO) |
|---|---|
| 2008/2009 | • 00805055-Elaboración de materiais e construción de conceptos coa utilización das TIC (grupo de traballo). |
| 2009/2010 | • 00905009-Aplicación das TIC na aula (grupo de traballo). |
| 2010/2011 | • 01005006-A pizarra dixital: unha ferramenta para o desenvolvemento do noso traballo (grupo de traballo) |
| 2018/2019 | • 01805026 – PFPP 01831038 Proxecto de aula: unha nova era dixital e artística (grupo de traballo). |
| 2019/2020 | • 01905102 – PFPP 01931078 Gezelligheid dixital (grupo de traballo). |
| 2020/2021 | • 02005088 – PFPP 02031077 Nova era dixital e artística (grupo de traballo). |
| 2021/2022 | • 02105139 – PFPP 02131086 Nova era dixital (grupo de traballo).<br>• 02105140 – PFPP 02131086 Transformación dixital (grupo de traballo). |

**Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

O Plan Dixital constará na PXA dentro dun apartado concreto e facendo alusión explícita tanto aos obxectivos que se achegan no Plan de Acción, así como a aquelas accións, programas e/ou actividades a desenvolver a longo do curso académico a fin de acadalos. Poderá tomarse como referencia as táboas que se achegan neste mesmo documento.

Asemade, o Plan Dixital, tamén contribuirá ao mantemento e ao reforzo dos obxectivos do Proxecto Educativo con relación ao fomento das TIC, os cales xa se viñan reflectindo en cursos anteriores. Destacamos aqueles obxectivos específicos que tamén, dende o Plan Dixital, se contribuirá ao seu logro:

- Desenvolver e completar o currículo das diferentes etapas e ciclos atendendo aos principios de autonomía pedagóxica, de organización e xestión coa finalidade de adecuarse ás características e á realidade educativa propia.

- Contribuír a lograr os principios básicos de calidade de educación para todo o alumnado, equidade que garanta a igualdade de oportunidades, esforzo compartido por todos os compoñentes da comunidade educativa.
- Potenciar o desenvolvemento das competencias básicas tanto dende o traballo nas diferentes materias como nas medidas organizativas e funcionais (organización e funcionamento das aulas, metodoloxía e recursos didácticos, biblioteca escolar, acción titorial, ...).
- Favorecer a autonomía nas actividades habituais e nas relacións de grupo.
- Desenvolver por sexto ano o proxecto EDIXGAL en 5º e 6º de Educación Primaria.
- Adquisición de hábitos de estudo e técnicas de traballo.
- Preparación para participar activamente na vida social e cultural.
- Fomento da creatividade e do xuízo crítico.
- Fomento da investigación dende a escola.

E tamén dende o Plan Dixital se contribuirá as seguintes medidas establecidas na PXA para a consecución de ditos obxectivos:

- Facilitar e promover a mellora dos obxectivos académicos e das competencias clave para lograr a excelencia, a través do traballo por proxectos en aula, o Plan de Formación Permanente do profesorado, e outros programas de innovación educativa; coa idea base de garantir a igualdade de oportunidades a todo o alumnado do centro.
- Favorecer a actualización pedagóxica do profesorado.
- Promocionar a adquisición de competencias a través de proxectos de acción voluntaria que permitan fortalecer a educación en valores dende realidades concretas adaptadas as idades dos alumnos/as.
- Potenciar o desenvolvemento e a formación do alumnado nas TICs (páxina web, blogs, aula virtual...) e no programa EDIXGAL.
- Continuar fomentando o uso da biblioteca escolar (de aula), favorecendo ademais as actividades de promoción e animación á lectura (así como a posibilidade de levar a cabo actividades dixitais e incorporar o libro dixital)
- Vincular a comunidade educativa e a entidades da contorna máis próxima ao centro no desenvolvemento dos proxectos máis vinculados ao territorio de referencia.

Con todo deberase aplicar a normativa relativa aos currículos educativos vixentes das etapas de infantil e primaria, así como os que están pendentes de publicación acorde a nova Lei educativa (LOMLOE).

Ademais na PXA do curso 2022/2023 farase constar, no caso de ser aceptados no proxecto "Polos creativos", a proposta baseada na aprendizaxe activa e manipulativa, a aprendizaxe basada no deseño, a solución de problemas e a aprendizaxe entre iguais. Tendo en conta que a finalidade da educación primaria é facilitar ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria

En relación ao proxecto "Polos creativos", no que se desenvolverá un proxecto integrado por curso académico baseado na experimentación e a construcción que funcionará como centro de actividades no se traballe o procesado audiovisual e artístico e promoverá que o noso centro escolar dispoña de materiais e recursos didácticos que nos permitan o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade a partir do traballo co profesorado, co alumnado e as familias.

Proponse levar a cabo un proxecto centrado na aplicación didáctica, dentro das áreas curriculares, dunha serie de recursos creativos durante, alomenos 2 anos, co fin de implementar o plan entre os meses de setembro e xuño de cada curso escolar.

Ao longo do 1º curso comprometémonos a cumplir as seguintes accións:

- Incluír obxectivos e actividades propios do polo creativo na PXA, ao igual que as dinámicas a desenvolver.
- Constituír o Equipo do polo creativo, intentarse como en todos os proxectos nos que participamos que esté formado pola totalidade do profesorado do claustro.
- Crear un banco de ferramentas con recursos de arte, emocións e creatividade coa nova incorporación do recurso do ámbito da educación dixital.
- Participar nas actividades de difusión e avaliación do polo.

Ao longo do 2º curso comprometémonos a cumplir as seguintes accións:

- Asumir o polo creativo como unha liña prioritaria dentro do Proxecto Educativo do noso centro. O polo creativo será un elemento clave para a transformación dixital do noso centro, converténdonos nunha escola dixitalmente competente no proceso de ensino – aprendizaxe.

- Paulatinamente irase integrando nos distintos niveis de concreción curricular ata chegar a totalidade de alumnado do centro. Aplicar os recursos do polo creativo en todo o alumnado incorporando as actividades do programa nas programacións de aula.

- Entre as ditas competencias claves, e particularmente desde a óptica dun mundo dixitalizado e interconectado, integrar capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

- Realizar actividades de difusión do polo creativo que xurdan como resultado da aplicación do programa na aula. Contribuír o desenvolvemento comunitario.

## 1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- Currículos de Educación Infantil e Educación Primaria (en vixencia e aqueles pendentes de publicación según LOMLOE).

## 1.4. Proceso de elaboración

O plan dixital levouse a cabo entre todo o equipo de dinamización do Plan Dixital, composto pola totalidade do Claustro do equipo docente do centro, a través dun plan de formación profesional permanente de 20 horas, dedicándolle entre 1 e 3 horas semanais repartidas ao longo de todo o curso académico 2021/2022 (un total de 13 sesións dende novembro de 2021 a maio de 2022). Fóra desa formación tamén se lle dedicou un tempo extra.

Seguíronse os seguintes pasos:

1. Deseño e realización do cuestionario do programa SELFIE no que participaron todos os mestres e mestras con máis dun curso de permanencia no centro e todo o alumnado de quinto e sexto de primaria.

2. Realización do cuestionario do test de Competencia Dixital Docente (CDD), no que participaron a totalidade do equipo docente que nese momento se atopaba en activo no centro escolar.

3. Reunións de coordinación para valorar e sacar conclusións a partir dos resultados obtidos no SELFIE e no test CDD.

4. Realización dun DAFO a partir dos resultados obtidos no SELFIE e no test CDD, tendo en conta as características e circunstancias do noso centro escolar e da nosa comunidade educativa.

5. Elaboración do Plan de Acción do plan dixital, mediante propostas individuais de obxectivos a acadar, posta en común dos mesmos, e priorización dos obxectivos Smart que mellor se axustaran ás características e necesidades do noso centro educativo.

6. Redacción do Plan Dixital a partir da contextualización e datos do centro, xustificación e análise de partida, dos resultados do SELFIE, do test CDD, da análise DAFO, do Plan de Acción e da avaliación e difusión do PD.

# 2. Situación de partida

## 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

| INFRAESTRUCTURA |
|---|
| O centro conta coa seguinte infraestructura dixital:<br>• Conectividade wifi do proxecto Abalar en todas as aulas. En cada edificio, así como na aula de informática hai unha caixa de switch da Consellería de Educación.<br>• Conectividade de voz e de datos a través da liña de fibra de movistar (número de teléfono fixo e un router-ADSL con Wi-Fi). O teléfono atópase no despacho da dirección (edificio sede), mentres que o router está na aula de 3º e 4º de primaria (planta superior do edificio de aulas). |

| EQUIPAMENTO | |
|---|---|
| AULA DE INFORMÁTICA | • Equipo dixital do Proxecto Digicraft Vodafone (10 tabletas con sistema Android).<br>• 1 EDI (Smart Board).<br>• 1 Canón de proxección.<br>• 2 Equipos informáticos de sobremesa (CPU+teclado+rato) . |
| PROXECTO E-DIXGAL | • Ver aula de 5º e 6º de primaria. Cada alumno/a dispón dun miniportátil que pode levar consigo a casa. |
| EQUIPOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN | • 2 Equipos informáticos de sobremesa (CPU+teclado+rato).<br>• 1 Impresora de tóner a cor.<br>• 4 portátiles (en custodia-proxecto ABALAR). |
| EQUIPOS DE USO NA BIBLIOTECA | • 1 Equipo informático de sobremesa (CPU+teclado+rato+lector láser código de barras).<br>• 1 Impresora de cartucho de tinta.<br>• 1 EDI (Smart Board) con autofalantes.<br>• 1 Canón de proxección. |
| EQUIPOS DE USO NA SALA DE PROFESORADO | • 4 Equipos informáticos (CPU+teclado+rato).<br>• 1 Impresora multifunción de tóner a cor, con conexión en rede. |
| EQUIPOS NAS AULAS | • Aula infantil: Panel dixital interactivo táctil (75”) con sistema Android + 1 portátil.<br>• Aula 1º e 2º de primaria: Panel dixital interactivo táctil (75”) con sistema Android + 1 portátil. |

| | |
|---|---|
| | • Aula 3º e 4º de primaria: 1 portátil, 1 EDI, 2 autofalantes e 1 canón de proxección.<br>• Aula 5º e 6ª de primaria (aula E-dixgal): 1 portátil, 1 EDI con canón de proxección e autofalantes incorporados. 1 carro de carga para os portátiles.<br>• Aula de P.T. e A.L.: 1 portátil, 1 canón de proxección e 1 EDI.<br>• Aula de música: 1 portátil, 1 canón de proxección e 1 EDI (Smart Board) con autofaltantes incorporados. |
| ALMACÉN | • 7 Equipos informáticos de sobremesa (CPU+teclado+rato). En desuso, obsoletos. |

| SERVIZOS DIXITAIS | |
|---|---|
| Páxina web do centro | http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/ |
| Aula virtual | https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/aulavirtual/ |
| E-dixgal | Aula de 5º e 6º de primaria. |
| Abalar móbil | Todas as familias teñen descargada a aplicación, e esta emprégase para comunicación oficiais, boletín de avaliación e titorías. |
| Galería de imaxes | http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/galeria/ |
| Outros espazos dixitais virtuais (non corporativos) | Blog da biblioteca: https://abibloguetainclusiva.blogspot.com/<br>Blogs das aulas<br>• Aula infantil: https://educacioninfantilrubia.blogspot.com/<br>• Aula 1º e 2º: https://aprendendodendecasaconj.blogspot.com/<br>• https://carreirodosouto.blogspot.com/<br>• Aula 3º e 4º: https://entresendasevereas.blogspot.com/<br>• Aula 5º e 6º: https://arutavermella.blogspot.com/ |
| Correos electrónicos alternativos | ceipvirxedocamino@gmail.com<br>aulaamarelarubia@gmail.com<br>aulaazulrubia@gmail.com<br>aulavermellarubia@gmail.com |

| XESTIÓN DO MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO DO CENTRO |
|---|
| A través da UAC, abrindo incidencia mediante envío de correo electrónico ou chamada telefónica, e para casos excepcionais baixo contratación puntual dun técnico informático particular. |

| ENLACES A PROTOCOLOS DO CENTRO RELACIONADOS COAS TIC |
|---|
| Plan de continxencia: A ligazón está dispoñible dende a páxina web corporativa do centro.<br>https://drive.google.com/file/d/1FWwxcxlfWf07pHdOIsxJ2dnpWw6Kax2g/view?usp=sharing |

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE:** Resultados xerais.

| Areas | Grupos | Ensinanzas |
|---|---|---|
| | | Primaria |
| A -Liderado | Equipo | 3.3 |
| | Profesorado | 4.1 |
| | Alumnado | |
| B- Colaboración e redes | Equipo | 3.3 |
| | Profesorado | 3.4 |
| | Alumnado | 4.5 |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo | 4.1 |
| | Profesorado | 4.3 |
| | Alumnado | 4.4 |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo | 4.7 |
| | Profesorado | 4.2 |
| | Alumnado | |
| E- Pedagoxía: Apoio e Recursos | Equipo | 4 |
| | Profesorado | 4.3 |
| | Alumnado | |
| F- Pedagoxía: Implementación na aula | Equipo | 2.6 |
| | Profesorado | 3.5 |
| | Alumnado | 3.2 |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo | 2.8 |
| | Profesorado | 2.7 |
| | Alumnado | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo | 3 |
| | Profesorado | 3.9 |
| | Alumnado | 4.3 |

**Test CDD:** Resultados.

**1.3. Participación segundo perfil do profesorado**

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|---|---|---|---|
| **DEFINITIVO** | 3 | 3 | 100% |
| **PROVISIONAL** | - | - | - |
| **INTERINO** | 4 | 4 | 100% |
| **SUBSTITUTO** | - | - | - |
| **DESPRAZADO** | - | - | - |

**2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro**

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|
| 117 | Experto (B2) | 76,4 | Integrador/a (B1) |

**2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas**

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|---|
| **INF.** | 135,3 | LÍDER (C1) | 66,2 | INTEGRADOR/A (B1) |
| **PRI.** | 116 | EXPERTO/A (B2) | 77,3 | INTEGRADOR/A (B1) |

**2.3. Distribución do profesorado por niveis**

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|---|---|---|
| **A1** | - | - |
| **A2** | 1 | 14,3% |
| **B1** | 1 | 14.3% |
| **B2** | 1 | 14,3% |
| **C1** | 3 | 42,9% |
| **C2** | 1 | 14,3% |
| **TOTAL** | 7 | 100,1% |

## Outras fontes:

A realidade contextual do propio centro, a análise e valoración das infraestruturas e equipamentos actuais en servizo ou funcionamento, e as memorias anuais do curso anterior.

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|---|---|---|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO | 1. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe e para a ensinanza.<br>2. Contribuír dun xeito positivo e ético ao mundo dixital.<br>3. Acceso a Internet.<br>4. Remodelación de espazos/aulas. | 1. Protección de datos.<br>2. Asistencia técnica.<br>3. Instalación eléctrica obsoleta.<br>4. Necesidade de mellora nalgúns equipos/dispositivos.<br>5. Plan de xestión dos recursos. |
| | PERSOAL DOCENTE | 1. Busca, selección e organización dos recursos dixitais.<br>2. Necesidades e participación de DCP.<br>3. Emprego de contornas virtuais.<br>4. Claustro reducido. | 1. Pensamento computacional.<br>2. Colaboración do alumnado.<br>3. Autorreflexión sobre a aprendizaxe.<br>4. Tempo para explorar a ensinanza dixital.<br>5. Inestabilidade profesional (persoal interino). |
| | PERSOAL NON DOCENTE | - | - |
| | ALUMNADO | 1. Aprendizaxe mixta.<br>2. Comunicación organizativa: aula virtual, edixgal, páxina web oficial.<br>3. Dispositivos dixitais en préstamos (EVA-EDIXGAL) | 1. Alfabetización en datos.<br>2. Creación de contidos a través de medios dixitais.<br>3. Traer o propio dispositivo dixital (particular).<br>4. Outorgar o recoñecemento. |
| | FAMILIAS | 1. Comunicación organizativa: emprego do Abalar, páxina web oficial, aula virtual, correos electrónicos. | 1. Necesidade dunha escola de pais/nais.<br>2. Competencias dixitais. |
| | OFERTA | 1. Programas institucionais educativos: EVA-EDIXGAL | 1. Formación específica.<br>2. Programa ou proxecto de centro estandarizado (falta continuidade). |
| | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | 1. Programa Edixgal.<br>2. Programa Digicraft. | 1. Estratexia dixital pouco definida.<br>2. Novas modalidades de ensinanza. |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|---|---|---|---|
| CATEGORÍAS | **ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA** | 1. Orzamentos.<br>2. Existencia de contornas virtuais formais e oficiais: páxina web, aula virtual, abalar. | 1. Exceso de burocracia.<br>2. Asistencia técnica. |
| | **LEXISLACIÓN** | 1. Contribución dun xeito positivo e ético ao mundo dixital, tendo en conta as prácticas dixitais seguras e responsables.<br>2. Existencia de protocolos específicos. | 1. Inestabilidade das leis educativas. Cambios rápidos e constantes<br>2. Currículo pechado.<br>3. Tratamento axeitado da protección de datos. |
| | **CONTORNA** | 1. Medio rural e próximo á natureza.<br>2. Rateo baixa. | 1. Acceso limitado aos recursos.<br>2. Fractura dixital: medidas para identificar dificultades e apoios para abordalas. |
| | **ANPA** | 1. Organización de actividades extraescolares. | 1. Baixa competencia dixital.<br>2. Colaboración/participación baixa na páxina web oficial |
| | **CONCELLO E OUTRAS ENTIDADES** | 1. Colaboración en outros aspectos.<br>2. Colaboración e participacións moi puntuais. | 1. Sen oferta en actividades e recursos dixitais.<br>2. Escaseza de colaboracións externas. |

# 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Os obxectivos supoñen unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

O plan de acción conten 6 táboas que se achegan máis adiante e que se corresponden con 6 obxectivos SMART, propostos para acadar ao cabo do curso académico 2022/2023.

## 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Estableceronse as áreas prioritarias e determinaronse os obxectivos (que son específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal, é decir, SMART) que queremos conseguir. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Os pasos seguidos para a elaboración do Plan de Acción a partir da análise DAFO foron os seguintes:

1. Orientar aos membros do equipo de dinamización do Plan Dixital sobre as características dos obxectivos Smart e as pautas a seguir para a súa elaboración.
2. Propostas individuais dos obxectivos que considerasen necesarios e tendo en conta a análise DAFO, fosen alcanzables para o noso centro educativo, nun período mínimo dun curso académico.
3. Recibidas as propostas individuais procedeuse a un filtrado daqueles que se repetisen ou tivesen semellanza no seu plantexamento, buscando a posibilidade de combinalos, de tal xeito que englobasen un obxectivo común ou varias propostas cara un mesmo sentido.
4. Posta en común das propostas. Realizouse un cuestionario para valorar aqueles obxectivos que fosen prioritarios e realmente alcanzables para o noso centro, desbotando aqueles outros que resultasen fora do noso alcance.
5. Elaboración das taboas cos obxectivos SMART seleccionados, indicando os indicadores de logro, os responsables dos mesmos, e as acción a seguir para acadalos, así como definir en que áreas se encadran para a súa mellora. (Ver as táboas para cada obxectivo do Plan de Acción).

Os obxectivos do Plan de Acción que se propoñen para desenvolver ao longo do curso 2022/2023 son:

1. Reacondicionar, habilitar e dotar a aula de informática para un uso coordinado en todos os cursos/niveis educativos do centro, dentro do horario lectivo para promover a ensinanza dixital e audiovisual.
2. Actualizar e alfabetizar dixitalmente ao alumnado de educación primaria que non está dentro do programa E-dixgal, a través dos recursos TIC necesarios dispoñibles na aula de informática e nas aulas ordinarias.
3. Ampliar e/ou perfeccionar a formación do profesorado para o desenvolvemento dos recursos de EVA-EDIXGAL, así como noutros aspectos relacionados coa formación para o uso e aproveitamento didáctico das TIC (englobando as diferentes modalidades como son as TAC, TRiC ou TEP).
4. Promover o uso da tecnoloxía con maiores fins educativos.
5. Crear un banco de recursos dixitais para o alumnado na aula virtual, que faciliten o ensino mixto.
6. Deseñar, programar e desenvolver proxectos dixitais a través de centros de interese.

Ditos obxectivos están enfocados para unha mellora dixital nas seguintes áreas: na oferta educativa e na organización do centro, na formación do profesorado, no proceso de aprendizaxe

do alumnado, no proceso do ensino docente tendo en conta un maior aproveitamento dos recursos dixitais.

A responsabilidade de cada unha das accións encamiñadas ao logro dos obxectivos veñen definidas nas táboas que se achegan máis adiante. Cabe destacar que para unha eficiente organización do centro e o correcto desenvolvemento de ditas accións, a dirección do mesmo poderá axustar aquelas medidas necesarias outorgando tarefas de apoio a outros membros do equipo docente que participen nelas.

Serán as persoas responsables de cada un dos obxectivos (ver táboas), as que se encarguen por velar do seu desenvolvemento, e no caso de haber máis dunha persoa responsable, tomará a xestión da coordinación de dito obxectivo/acción aquela persoa que designe a dirección do centro, sen perxuízo das funcións correspondentes á persoa que asuma a coordinación do plan dixital.

